

XXVI DOMINGO ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA Num 11, 25-29

Lectura do Libro dos Números

Naqueles días, descendeu o Señor nunha nube e faloulle a Moisés; despois tomou do espírito que había nel e infundíullelo ós setenta anciáns. En canto o espírito repousou sobre eles, puxéronse a profetizar; pero nunca máis o volveron facer.

Quedaran no acampamento dous homes, un deles chamado Eldad e o outro Medad. O espírito repousou tamén sobre eles, pois figuraban entre os inscritos, aínda que non saíran para a Tenda, e profetizaron no campamento. Un rapaz correu a comunicarllo a Moisés, dicindo: -¡Eldad e Medad profetizan no campamento! Entón Xosué, fillo de Nun, ministro de Moisés, escolleito por el, díxolle: - "¡Meu Señor, Moisés, prohibéllelo!"

Mais Moisés respondeulle: - "¿Tes celos por min? ¡Quen dera que todo o pobo do Señor fosen profetas, e que o Señor lles dese o seu espírito!"

SALMO RESPONSORIAL Sal 18, 8. 10. 12-13. 14

R/. (9a): **Os mandatos do Señor son rectos: aledan o corazón.**

A lei do Señor é perfecta:
reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme:
fai sabio ó inxenuo.

A vontade do Señor é pura:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas.

Aínda que o teu servo os quere cumprir
e pon coidado en gardalos,
¿quen se decata dos erros?
Límpame ti de canto se me esquece.

Preserva o teu servo da soberbia,
para que non me domine.
Entón serei perfecto,
limpo de pecados graves.

SEGUNDA LECTURA Sant 5, 1-6

Lectura da Carta do Apóstolo Santiago

E vós, os ricos, chorade e berrade polas desgracias que van vir enriba de vós. A vosa riqueza está podrecida; a vosa roupa chea de couza; o voso ouro e a vosa prata, enferruxados; e a mesma ferruxe será testemuño en contra vosa e, coma se for lume, comerá as vosas carnes. ¡Estades atesourando na fin dos tempos!

¡Atención! O xornal que non lles pagastes ós obreiros que vos fixeron a seitura está clamando e o seu berro chega ós oídos do Señor dos Exércitos.

Vivistes na terra cheos de fartura e cebáste--los vosos corazóns nos praceres para o día da matanza.

Condenáste-lo xusto e matástelo sen que el vos fixese fronte.

EVANXEO Mc 9, 38-43. 45. 47-48

Lectura do Santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, díxolle Xoán a Xesús: - Vimos un que botaba demos no teu nome e quixémosllo privar porque non é dos nosos.

Xesús contestoulle: - Pois non llo privedes, porque ninguén que faga milagres no meu nome fala despois mal de min. O que non está contra nós, está connosco. Ademais, todo aquel que vos dea un vaso de auga por serdes seguidores de Cristo, tende por seguro que non quedará sen recompensa.

E a quen escandalice a un destes pequeniños que cren en min, éralle mellor que lle colgasen do pescozo unha pedra de muíño, e o largasen ó mar.

E se a túa man te fai caer, córttaa: máis che vale entrar toco na vida que ir parar coas dúas mans ó inferno, no lume que nunca se apaga. E se o teu pé te fai caer, córtao: mellor será que entres coxo na vida, que ir dar cos dous pés no inferno. E se o teu ollo te fai caer, arríncao: máis che vale entrar cego no Reino de Deus e non que te boten cos dous ollos no inferno, onde o verme non morre nin o lume se apaga.